



Torada de piñeiro silvestre en cargadeiro no Monte Veciñal de RíoMao (A Veiga - OU)

A CADEA FORESTAL- MADEIRA DE GALICIA

2023-2024*

CONTIDO

PRESENTACIÓN E OBXECTIVOS	2
APROVEITAMENTOS FORESTAIS	4
ANÁLISE CUANTITATIVA DAS CORTAS DE MADEIRA	4
ANÁLISE DOS APROVEITAMENTOS SEGUNDO O GRAO DE URBANIZACIÓN DO TERRITORIO	22
ANÁLISE XEOGRÁFICA DAS CORTAS DE MADEIRA	25
ANÁLISE DA DISPOÑIBILIDADE (IFCG) DAS CORTAS DE MADEIRA	38
ANÁLISE DAS PERSOAS SOLICITANTES DE APROVEITAMENTOS FORESTAIS	46
ANÁLISE DAS SOLICITUDES DE CORTA ANUAIS SEGUNDO O MADEIRISTA	51
INDUSTRIA FORESTAL – MADEIRA	53
FACTURACION DA CADEA PRINCIPAL DE VALOR FORESTAL-MADEIRA	54
O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL COMO INDICADOR DE ACTIVIDADE	55
EMPREGO	59
COMERCIO EXTERIOR	62
ÍNDICE DE TÁBOAS	67
ÍNDICE DE FIGURAS	68
Información de contacto	70

PRESENTACIÓN E OBXECTIVOS

A industria forestal-madeira en Galicia é un sector económico importante, que proporciona emprego, contribúe ao crecemento económico e xera ingresos a través da produción e comercialización de produtos forestais e transformados de madeira. Contar con informes periódicos que analicen os principais resultados económicos do sector é fundamental para o desenvolvemento e a sustentabilidade da industria forestal.

A Axenda de Impulso da Industria Forestal, promovida pola Axencia da Industria Forestal en 2019 e revisada no ano 2022, ten por obxectivo afrontar o desafío da sociedade empregando o potencial da industria forestal e, ao mesmo tempo, modernizar a industria forestal a través das demandas da sociedade.

Este documento inclúe na súa Ruta 2: Ecosistema de innovación ao servizo do sector inclúe a acción 2.4.1 Desenvolvemento de informes sectoriais periódicos.

O desenvolvemento de informes periódicos, de xeito complementario aos datos fornecidos polos plans estatísticos oficiais, con fontes suficientemente actualizadas sobre a evolución dos recursos forestais, as caracterizacións subsectoriais, os consumos de madeira, e as posibilidades de subministración en termos económicos de madeira, permitirían a caracterización e a elaboración de diagnósticos adecuados e axudarían na toma de decisións tanto no ámbito empresarial como no ámbito público e a identificar oportunidades de crecemento e mellora no sector. Ademais, os informes periódicos sobre o sector forestal poden proporcionar información valiosa para tomar decisións estratéxicas e planificar o desenvolvemento da industria. Por exemplo, poden servir para identificar posibles barreiras e retos aos que se enfronta o sector e para desenvolver estratexias para superalos. Por outra banda, poden contribuír á transparencia e á rendición de contas no sector. Os datos e estatísticas recollidos nos informes poden ser utilizados por diferentes axentes, como goberno, empresas, investigadores e organizacións, para desenvolver os seus propios diagnósticos ou avaliar o impacto das políticas e programas implantados no sector.

A devandita acción da Axenda de Impulso contempla a xeración dun informe anual estable. Esta é a función do presente documento.

Desde o punto de vista metodolóxico, coa finalidade de prover unha información co maior grao de actualización e, nos casos máis específicos non contemplados nos Plans Estatísticos Oficiais, estimacións cun grao de precisión suficiente, traballouse con fontes diversas de información como estatísticas oficiais, rexistros administrativos, enquisas directas a axentes económicos, informes sectoriais e resultados de traballos de investigación. En cada un dos epígrafes, táboas ou gráficos incluídos no presente traballo indícanse a fonte ou fontes dos datos.

Nota Importante:

Os datos do presente informe corresponden a 2023 salvo que se indique expresamente outra cousa.

Todas as referencias que leven 2024* ou 2024** son provisionais e debe terse en conta que corresponden á data do peche do presente traballo 31/10/2024 ou 1/12/2024 respectivamente



Corta en M.V.M.C. Rio Mao (A Veiga Ourense)

APROVEITAMENTOS FORESTAIS

APROVEITAMENTOS FORESTAIS
ANALISE CUANTITATIVA DAS CORTAS DE MADEIRA

Táboa 1 Galicia: Resumo de aproveitamentos forestais 2021 a 2024**

	2021	2022	2023	2024**	Cambio 23 vs 22
Aproveitamentos en montes de xestión privada					
Nº expedientes	57.909	58.944	50.298	47.416	-14,7%
Nº declaracións responsables	42.031	41.152	34.153	32.686	-17,0%
Nº expedientes con afección	18.767	22.265	20.457	18.736	-8,1%
Volume (m ³)	9.692.317	10.766.421	9.238.304	8.443.924	-14,2%
Volume medio expediente (m ³)	115,33	126,72	126,14	122,89	-0,5%
Volume DR (m ³)	6.658.081	7.012.365	5.840.946	5.531.933	-16,7%
Superficie (ha)	43.143	42.712	35.907	36.445	-15,9%
Superficie media expediente (ha)	0,77	0,75	0,75	0,80	0,0%
Nº referencias catastrais	84.438	89.893	78.149	75.491	-13,1%
Aproveitamentos en montes en xestión pola Xunta de Galicia					
Nº expedientes	278	184	269	156	46,2%
Volume (m ³)	320.647	259.128	561.268	183.698	116,6%
Volume medio expediente (m ³)	820	932	1.481	782	58,9%
Madeira certificada (m ³)	153.053	200.471	415.035	150.424	107,0%
Superficie (ha)	2.696	2.871	4.447	1.441	54,9%
Superficie media expediente (ha)	9,70	15,60	16,53	9,24	6,0%
Valor medio adxudicación por expediente (€)	42.180	53.775	49.298	47.420	-8,3%
Prezos medios adxudicación subastas públicas (€)	33,74	46,69	44,72	46,18	-4,2%
Total Aproveitamentos madeireiros en Galicia					
Volume (m ³)	10.022.184	11.025.549	9.799.573	8.627.622	-11,1%
Superficie (ha)	45.878	45.583	40.354	37.886	-11,5%

**Datos 2024 a 1/12

En Galicia, no ano **2023**, leváronse a cabo aproveitamentos de madeira cun volume total de 9,8 millóns de metros cúbicos (9.799.573 m³) o que supón un descenso do -11% respecto 2022 e do -2% respecto 2021. A superficie dos aproveitamentos tamén se reduciu nun 11,5%, reflexo dun descenso xeral na explotación forestal, especialmente nos montes privados.

Máis do 94% (9.238.304 m³) correspóndense con solicitudes de corta en montes de xestión privada, mentres que algo máis de medio millón de metros cúbicos (561.268 m³) foron aproveitados en montes de xestión pública pola Xunta de Galicia.


Os aproveitamentos en montes de xestión privada amosan unha redución considerable en case todos os parámetros. O número de expedientes diminuíu un 14,7% respecto a 2022, pasando de 58.944 a 50.298, mentres que o número de declaracións responsables reduciuse un 17%. O volume total de madeira extraída baixou un 14,2%, alcanzando os 9.238.304 m³, en comparación cos 10.766.421 m³ do ano anterior. Este descenso reflicte unha menor intensidade nas operacións de aproveitamento, influíndo tamén na superficie total traballada, que se reduciu un 15,9%. Aínda que o volume medio por expediente mantívose case constante (-0,5%), a menor actividade xeral impactou negativamente nos indicadores agregados.

Os aproveitamentos en montes baixo xestión pública experimentaron un crecemento notable. O volume de madeira extraída incrementouse nun 116,6%, máis do dobre que no ano anterior. Este aumento veu acompañado dunha maior proporción de madeira certificada, que tamén medrou un 107%, chegando a 415.035 m³. A superficie aproveitada creceu un 54,9%, pasando de 2.871 ha a 4.447 ha. Pola contra, o valor medio de adxudicación por expediente sufriu unha redución do 8,3%, e os prezos medios nas pozas públicas baixaron un 4,2% respecto 2022. A explicación destes cambios significativos en todas estas variables é o efecto da corta dos montes afectados polos grandes lumes de 2022.

O volume total de madeira aproveitada nos montes de xestión privada amosa unha tendencia xeral de crecemento, aínda que con certas fluctuacións. En 2015, o volume foi de 7.275.255 m³, mentres que alcanzou o seu máximo en 2022 con 10.766.421 m³. Este incremento é significativo e reflicte unha maior actividade forestal ou unha optimización no aproveitamento madeireiro. Porén, no ano 2023, obsérvase unha lixeira caída a 9.238.304 m³, o que podería estar vencellado cun descenso na demanda. A proxección a 12 meses dos datos provisionais de 2024 (pechados a finais de novembro) ofrecería uns datos moi similares a os do ano 2023.


O volume medio por expediente de corta privada amosa unha evolución positiva, pasando de 75,29 m³ en 2017 a un pico de 126,72 m³ en 2022. Isto pode estar relacionado cunha mellor planificación das intervencións forestais, que optimiza os recursos dispoñibles. Non obstante, en 2023, esta cifra descendeu lixeiramente a 126,14 m³. A superficie media por expediente mantívose relativamente estable, con pequenos incrementos nos últimos anos. Desde 2017, cando era de 0,47 ha por expediente, aumentou gradualmente ata 0,8 ha en 2024.

Figura 1 Evolución anual aproveitamentos totais (m³)




Fonte: Sistema de indicadores da administración dixital. Consellería do Medio Rural no ano 2024** (Datos 2024 a 1/12)

Figura 2 Evolución anual aproveitamentos en montes de xestión pública (m³)



Fonte: Sistema de indicadores da administración dixital. Consellería do Medio Rural no ano 2024** (Datos 2024 a 1/12)

Figura 3 Evolución anual aproveitamentos en montes de xestión privada (m³)



Fonte: Sistema de indicadores da administración dixital. Consellería do Medio Rural no ano 2024** (Datos 2024 a 1/12)

No que refire á distribución das cortas por grupo de especies, en **2023**, máis da metade do volume anual aproveitado corresponde ao *Eucalyptus* spp con 5.658.771 m³. As cortas de *Eucalyptus* spp predominan especialmente en distritos como Ferrol (962.955 m³) e Bergantiños - Mariñas Coruñesas (900.796 m³). O *Pinus pinaster* con 1.728.219 m³, é a segunda especie máis aproveitada, destacando a súa importancia no distrito de Bergantiños - Mariñas Coruñesas (187.371 m³) e no Deza - Tabeirós (217.177 m³). Os aproveitamentos de *Pinus radiata* acadaron os 1.659.239 m³, co maior volume procedente de Lugo-Sarria (491.856 m³) e Terra Chá (311.541 m³). A madeira de *Pinus sylvestris* supuxo 359.923 m³ con Terra de Lemos e Verín - Viana como zonas destacadas. Este volume está moi influído polas cortas da madeira afectada polos incendios de 2022. As frondosas caducifolias en conxunto representaron 295.280 m³ destacando os distritos de Lugo - Sarria e Terra Chá.

Catro distritos, tres de A Coruña —Ferrol (1.065.904 m³), Bergantiños-Mariñas Coruñesas (1.165.811 m³) e Santiago-Meseta Interior (1.107.092 m³)—, e uno de Lugo —A Mariña Lucense (1.036.066 m³)— superaron en 2023 o millón de metros cúbicos de cortas totais. Por outra banda, distritos como Valdeorras-Trives (53.994 m³) e A Limia (56.391 m³) rexistraron en 2023 os volumes máis baixos de aproveitamento.

Nos datos provisionais de **2024****, a data de 1/12, se levan solicitados 8.627.622 m³ que facendo a proxección a final de ano suporían achegarse aos 9,3 millóns de m³. Nestes datos provisionais o *Eucalyptus* spp, representa case o 57% do total (4.878.723 m³). A fecha de 1/12/24 só un distrito ten superado o millón de m³ de aproveitamentos: Santiago - Meseta Interior con 1.227.538 m³ don que máis de un millón de m³ (1.005.357 m³) xa son de *Eucalyptus* spp. O *Pinus pinaster* representa 1.683.685 m³, sendo destacable a súa contribución en distritos como Terra de Lemos 221.314 (m³) Deza - Tabeirós (162.183 m³) e Bergantiños - Mariñas Coruñesas (166.047 m³). Os datos provisionais de 2024** indican aproveitamentos de 1.635.638 m³ de *Pinus radiata*, destacando Fonsagrada - Os Ancares (346.291 m³) e Lugo - Sarria (403.012 m³).

En termos de volume absoluto, en **2023 comparado co ano 2022** extraéronse -1.225.776 m³ menos de madeira en, o que indica un descenso significativo na actividade de aproveitamento forestal. En termos de distritos forestais, os maiores descensos en 2023 respecto 2022 rexistráronse en Santiago - Meseta Interior (-326.808 m³ -23%), A Mariña Lucense (-226.573 m³ -18%) ou Lugo - Sarria (-245.423 m³ -20%). Só o distrito Verín-Viana experimentou un aumento neto significativo de +125.854 m³, grazas ao incremento no aproveitamento de *Pinus sylvestris*.

En 2023 o volume aproveitado de *Eucalyptus* spp sufriu un descenso de 571.758 m³ (-9%) respecto a 2022. Esta caída foi especialmente significativa en distritos como: Santiago - Meseta Interior (-218.213 m³, -19%) ou A Mariña Lucense (-153.847 m³, -15%). As cortas de *Pinus pinaster* descendieron 450.629 m³ (-21%), sendo a segunda maior caída absoluta. Os distritos máis afectados foron Terra de Lemos (-103.247 m³, -37%), Lugo - Sarria (-38.004 m³, -45%). O *Pinus radiata* tamén sufriu un descenso interanual notable de 323.694 m³ (-16%), con baixadas importantes en Lugo - Sarria (-131.727 m³ -21%) ou Terra Cha (-71.706 m³ -18%). Pola contra no distrito de Fonsagrada-Ancares rexistráronse aumentos de 63.763 m³ (+26%). O *Pinus sylvestris*, es a única especie de coníferas cun aumento absoluto relevante, sumando 137.606 m³. Este crecemento débese case exclusivamente ao distrito de Verín-Viana, cunha suba de +139.485 m³.

Táboa 2 Galicia: Total cortas 2024** por especie e distrito forestal (m³)

2024**	<i>Pinus pinaster</i>	<i>Pinus radiata</i>	<i>Pinus sylvestris</i>	Outras / Mistura Coníferas	<i>Eucalyptus spp</i>	Fronzosas caducifolias	Outras	TOTAL
I-Ferrol	57.409	51.918	416	2.660	765.532	8.108	19.897	905.940
II-Bergantiños - Mariñas Coruñesas	166.047	19.812	32	2.033	725.305	18.959	1.181	933.370
III-Santiago - Meseta Interior	136.298	55.457	55	8.516	1.005.357	20.862	992	1.227.538
IV-Barbanza	108.559	10.095	83	2.320	177.744	4.724	1.677	305.203
V-Fisterra	119.957	26.804	13	4.490	230.105	4.367	2.707	388.444
VI-A Mariña Lucense	50.985	138.785	11.444	2.303	696.065	5.212	529	905.324
VII-Fonsagrada - Os Ancares	40.074	346.291	50.052	4.021	58.187	5.548	2	504.175
VIII-Terra de Lemos	221.314	139.392	2.429	19.579	20.542	14.974	611	418.841
IX-Lugo - Sarria	48.630	403.012	300	2.409	244.257	44.565	23	743.195
X-Terra Cha	40.054	363.131	4.718	3.726	385.993	24.883	33	822.539
XI-O Ribeiro - Arenteiro	78.986	2.080	408	1.388	14.439	3.982	219	101.500
XII-Miño - Arnoia	68.554	3.767	2.368	1.080	5.362	16.238	333	97.701
XIII-Valdeorras - Trives	11.583	2.127	15.066	95	21	8.742	166	37.798
XIV-Verín - Viana	66.125	2.029	9.009	1.576	5.428	9.599	33	93.799
XV-A limia	26.277	1.368	13.774	882	9.525	9.273	7	61.106
XVI-Deza - Tabeirós	162.183	34.381	102	868	122.331	15.782	141	335.787
XVII-O Condado - A Paradanta	63.800	921	1.303	844	42.962	1.296	373	111.498
XVIII-Vigo - Baixo Miño	120.615	17.002	0	577	141.201	1.273	1.628	282.296
XIX-Caldas - O Salnés	96.235	17.269	66	1.422	228.368	3.728	4.482	351.570
TOTAL	1.683.685	1.635.638	111.637	60.787	4.878.723	222.119	35.033	8.627.622

Fonte: Sistema de indicadores da administración dixital. Consellería do Medio Rural no ano 2024** (Datos 2024 a 1/12)

 Táboa 3 Galicia: Total cortas 2023 por especie e distrito forestal (m³)

2023	<i>Pinus pinaster</i>	<i>Pinus radiata</i>	<i>Pinus sylvestris</i>	Outras / Mistura Coníferas	<i>Eucalyptus spp</i>	Fronzosas caducifolias	Outras	TOTAL
I-Ferrol	57.069	35.600	73	1.249	962.955	8.350	608	1.065.904
II-Bergantiños - Mariñas Coruñesas	187.371	48.357	92	3.379	900.796	24.172	1.645	1.165.811
III-Santiago - Meseta Interior	126.271	36.845	16	1.671	918.917	22.175	1.198	1.107.092
IV-Barbanza	113.218	4.198	44	1.637	257.276	13.520	1.941	391.835
V-Fisterra	127.267	18.894	2	290	342.866	5.573	2.054	496.945
VI-A Mariña Lucense	53.166	114.945	7.847	1.013	846.360	12.033	702	1.036.066
VII-Fonsagrada - Os Ancares	16.126	308.287	65.518	2.962	84.895	7.195	3	484.987
VIII-Terra de Lemos	173.122	200.346	81.013	29.332	19.501	22.843	37	526.193
IX-Lugo - Sarria	47.243	491.856	18.117	5.136	254.157	59.101	22	875.631
X-Terra Cha	43.027	311.541	7.991	1.767	346.398	34.023	18	744.765
XI-O Ribeiro - Arenteiro	109.320	3.082	871	3.095	19.889	7.914	39	144.210
XII-Miño - Arnoia	64.902	9.917	483	888	5.705	14.452	358	96.704
XIII-Valdeorras - Trives	19.583	5.890	17.253	661	27	10.274	308	53.994
XIV-Verín - Viana	55.380	1.986	154.123	456	8.419	8.804	136	229.305
XV-A limia	25.310	2.208	5.309	1.468	12.628	9.452	16	56.391
XVI-Deza - Tabeirós	217.177	24.059	486	1.116	145.747	24.921	276	413.782
XVII-O Condado - A Paradanta	43.955	9.676	471	7.951	45.808	1.279	598	109.737
XVIII-Vigo - Baixo Miño	124.772	24.143	47	2.056	126.411	2.500	1.697	281.626
XIX-Caldas - O Salnés	123.940	7.410	167	802	360.019	6.701	19.757	518.795
TOTAL	1.728.219	1.659.239	359.923	66.929	5.658.771	295.280	31.412	9.799.774

Fonte: Sistema de indicadores da administración dixital. Consellería do Medio Rural no ano 2023

Táboa 4 Galicia: Total cortas 2022 por especie e distrito forestal (m³)

2022	<i>Pinus pinaster</i>	<i>Pinus radiata</i>	<i>Pinus sylvestris</i>	Outras / Mistura Coníferas	<i>Eucalyptus spp</i>	Fronosas caducifolias	Outras	TOTAL
I-Ferrol	56.772	52.006	487	5.746	951.860	9.112	447	1.076.430
II-Bergantiños - Mariñas Coruñesas	252.606	53.300	289	7.625	981.562	19.933	1.252	1.316.567
III-Santiago - Meseta Interior	181.145	75.663	102	13.523	1.137.130	25.247	1.091	1.433.900
IV-Barbanza	150.100	24.483	76	908	232.904	5.159	1.242	414.873
V-Fisterra	165.505	23.343	5	527	333.081	4.422	2.401	529.282
VI-A Mariña Lucense	71.256	156.246	25.035	1.064	1.000.206	6.735	2.098	1.262.640
VII-Fonsagrada - Os Ancares	13.905	244.524	66.911	6.248	76.656	12.274	6	420.524
VIII-Terra de Lemos	276.369	256.626	74.689	46.702	16.831	20.481	1.220	692.918
IX-Lugo - Sarria	85.247	623.583	4.021	4.940	338.156	65.088	19	1.121.054
X-Terra Cha	56.719	383.247	3.557	7.432	412.007	33.926	199	897.087
XI-O Ribeiro - Arenteiro	93.855	2.661	717	5.132	49.803	6.590	93	158.852
XII-Miño - Arnoia	98.938	5.215	888	1.095	4.158	15.707	41	126.042
XIII-Valdeorras - Trives	18.886	557	14.506	1.231	38	11.765	324	47.308
XIV-Verín - Viana	69.734	4.515	14.638	483	3.929	9.810	343	103.451
XV-A limia	28.716	6.229	15.029	737	10.353	8.908	131	70.101
XVI-Deza - Tabeirós	225.118	35.980	68	3.521	111.522	16.980	105	393.293
XVII-O Condado - A Paradanta	65.386	2.612	85	1.625	86.575	1.294	655	158.231
XVIII-Vigo - Baixo Miño	126.897	15.876	628	647	143.467	3.030	2.055	292.601
XIX-Caldas - O Salnés	141.697	16.266	587	1.359	340.291	4.883	5.310	510.394
TOTAL	2.178.848	1.982.933	222.318	110.546	6.230.530	281.345	19.030	11.025.549

Fonte: Sistema de indicadores da administración dixital. Consellería do Medio Rural no ano 2022

Táboa 5 Galicia: Cambio Total cortas 2023-2022 por especie e distrito forestal (m³)

Cambio 2023-2022	<i>Pinus pinaster</i>	<i>Pinus radiata</i>	<i>Pinus sylvestris</i>	Outras / Mistura Coníferas	<i>Eucalyptus spp</i>	Fronosas caducifolias	Outras	TOTAL
I-Ferrol	296	-16.406	-413	-4.497	11.095	-762	161	-10.527
II-Bergantiños - Mariñas Coruñesas	-65.235	-4.943	-197	-4.246	-80.766	4.239	393	-150.756
III-Santiago - Meseta Interior	-54.874	-38.818	-85	-11.852	-218.213	-3.072	106	-326.808
IV-Barbanza	-36.882	-20.285	-33	729	24.372	8.361	699	-23.038
V-Fisterra	-38.238	-4.449	-3	-237	9.785	1.151	-347	-32.337
VI-A Mariña Lucense	-18.089	-41.301	-17.188	-50	-153.847	5.298	-1.396	-226.573
VII-Fonsagrada - Os Ancares	2.222	63.763	-1.393	-3.286	8.239	-5.080	-3	64.462
VIII-Terra de Lemos	-103.247	-56.280	6.324	-17.370	2.669	2.362	-1.183	-166.725
IX-Lugo - Sarria	-38.004	-131.727	14.096	195	-83.999	-5.987	3	-245.423
X-Terra Cha	-13.692	-71.706	4.435	-5.665	-65.609	96	-181	-152.322
XI-O Ribeiro - Arenteiro	15.465	421	153	-2.037	-29.914	1.324	-54	-14.642
XII-Miño - Arnoia	-34.035	4.701	-405	-207	1.547	-1.256	317	-29.337
XIII-Valdeorras - Trives	697	5.333	2.747	-570	-12	-1.492	-16	6.687
XIV-Verín - Viana	-14.354	-2.528	139.485	-27	4.490	-1.005	-207	125.854
XV-A limia	-3.406	-4.021	-9.719	731	2.275	544	-115	-13.710
XVI-Deza - Tabeirós	-7.941	-11.921	417	-2.404	34.225	7.942	172	20.489
XVII-O Condado - A Paradanta	-21.431	7.065	386	6.326	-40.768	-15	-58	-48.494
XVIII-Vigo - Baixo Miño	-2.126	8.267	-581	1.409	-17.056	-531	-358	-10.976
XIX-Caldas - O Salnés	-17.757	-8.856	-420	-557	19.728	1.817	14.447	8.401
TOTAL	-450.629	-323.694	137.606	-43.617	-571.758	13.935	12.382	-1.225.776

Fonte: Sistema de indicadores da administración dixital. Consellería do Medio Rural no ano 2023 e 2022

Táboa 6 Galicia: Cambio Total cortas 2023-2022 por especie e distrito forestal (%)

Cambio 2023-2022	<i>Pinus pinaster</i>	<i>Pinus radiata</i>	<i>Pinus sylvestris</i>	Outras / Mistura Coníferas	<i>Eucalyptus spp</i>	Frondosas caducifolias	Outras	TOTAL
I-Ferrol	1%	-32%	-85%	-78%	1%	-8%	36%	-1%
II-Bergantiños - Mariñas Coruñesas	-26%	-9%	-68%	-56%	-8%	21%	31%	-11%
III-Santiago - Meseta Interior	-30%	-51%	-84%	-88%	-19%	-12%	10%	-23%
IV-Barbanza	-25%	-83%	-43%	80%	10%	162%	56%	-6%
V-Fisterra	-23%	-19%	-56%	-45%	3%	26%	-14%	-6%
VI-A Mariña Lucense	-25%	-26%	-69%	-5%	-15%	79%	-67%	-18%
VII-Fonsagrada - Os Ancares	16%	26%	-2%	-53%	11%	-41%	-47%	15%
VIII-Terra de Lemos	-37%	-22%	8%	-37%	16%	12%	-97%	-24%
IX-Lugo - Sarria	-45%	-21%	351%	4%	-25%	-9%	18%	-22%
X-Terra Cha	-24%	-19%	125%	-76%	-16%	0%	-91%	-17%
XI-O Ribeiro - Arenteiro	16%	16%	21%	-40%	-60%	20%	-58%	-9%
XII-Miño - Arnoia	-34%	90%	-46%	-19%	37%	-8%	775%	-23%
XIII-Valdeorras - Trives	4%	957%	19%	-46%	-30%	-13%	-5%	14%
XIV-Verín - Viana	-21%	-56%	953%	-6%	114%	-10%	-60%	122%
XV-A limia	-12%	-65%	-65%	99%	22%	6%	-88%	-20%
XVI-Deza - Tabeirós	-4%	-33%	612%	-68%	31%	47%	164%	5%
XVII-O Condado - A Paradanta	-33%	270%	456%	389%	-47%	-1%	-9%	-31%
XVIII-Vigo - Baixo Miño	-2%	52%	-92%	218%	-12%	-18%	-17%	-4%
XIX-Caldas - O Salnés	-13%	-54%	-72%	-41%	6%	37%	272%	2%
TOTAL	-21%	-16%	62%	-39%	-9%	5%	65%	-11%

Fonte: Sistema de indicadores da administración dixital. Consellería do Medio Rural no ano 2023 e 2022

A madeira de **xestión pública** representou un 5,7% do total da madeira aproveitada en Galicia, aínda que esta cifra varía de xeito significativo entre especies e distritos. Mais da metade das cortas en montes de xestión pública en 2023 procedeu de dous distritos forestais: Verín-Viana (31%) e Terra de Lemos (22%).

O *Pinus sylvestris* (65%) é a especie cun maior grao de aproveitamento proveniente de montes de xestión pública. Este alto valor débese a distritos como O Ribeiro - Arenteiro (98,9%), Verín - Viana (91,8%) ou Lugo - Sarria (74,9%). O 10,2% da madeira de *Pinus radiata* e o 6,5% da de *Pinus pinaster* procede de montes xestionados pola Xunta de Galicia. A madeira de eucalipto practicamente non está vinculada a xestión pública que só aporta o 0,5% dos seus aproveitamentos.

Táboa 7 Galicia: Cortas xestión pública 2023 por especie e distrito forestal (m³)

2023	<i>Pinus pinaster</i>	<i>Pinus radiata</i>	<i>Pinus sylvestris</i>	Outras / Mistura Coníferas	<i>Eucalyptus spp</i>	Frondosas caducifolias	Outras	TOTAL
I-Ferrol	7.881	9.794	67		598			18.339
II-Bergantiños - Mariñas Coruñesas	430	2.643			163			3.236
III-Santiago - Meseta Interior	79	2		9	935	4		1.029
IV-Barbanza	6.523	628			13.069		146	20.366
V-Fisterra	2	726						728
VI-A Mariña Lucense	2				28	13	1	44
VII-Fonsagrada - Os Ancares	90	41.753	4.452					46.295
VIII-Terra de Lemos	12.653	32.294	61.955	14.720		6		121.628
IX-Lugo - Sarria	2.217	36.734	13.572	20	203	420		53.166
X-Terra Cha	2.268	34.774						37.042
XI-O Ribeiro - Arenteiro	23.148		861	2.801	1.323			28.133
XII-Miño - Arnoia	50							50
XIII-Valdeorras - Trives	12.320	3.244	7.887					23.450
XIV-Verín - Viana	32.808		141.462		200			174.470
XV-A limia	3.921		3.592					7.514
XVI-Deza - Tabeirós	1.740	895	273		218	17		3.143
XVII-O Condado - A Paradanta	1.617	3.541		17	1.026			6.201
XVIII-Vigo - Baixo Miño		1.113		880	781		2	2.776
XIX-Caldas - O Salnés	3.762	597		55	8.806		440	13.659
TOTAL	111.511	168.737	234.121	18.501	27.349	461	589	561.268

Fonte: Sistema de indicadores da administración dixital. Consellería do Medio Rural no ano 2023

Táboa 8 Galicia: Cortas xestión pública 2024* por especie e distrito forestal (m³)

2024**	<i>Pinus pinaster</i>	<i>Pinus radiata</i>	<i>Pinus sylvestris</i>	Outras / Mistura Coníferas	<i>Eucalyptus spp</i>	Fronzosas caducifolias	Outras	TOTAL
I-Ferrol		2.348	402		233	144	15.916	19.043
II-Bergantiños - Mariñas Coruñesas					186			186
III-Santiago - Meseta Interior	717	946		662	36	48	125	2.534
IV-Barbanza	4.146	1.695		1.179	3.665	1	290	10.976
V-Fisterra	9.091	7.445		4.117	3.247		20	23.920
VI-A Mariña Lucense								
VII-Fonsagrada - Os Ancares	4.718	16.354	1.919					22.991
VIII-Terra de Lemos	14.734	5.153	2.126	5.099				27.111
IX-Lugo - Sarria	573	18.655	162					19.389
X-Terra Cha	1.145	13.600		909				15.654
XI-O Ribeiro - Arenteiro	4.310				71			4.381
XII-Miño - Arnoia	1.166							1.166
XIII-Valdeorras - Trives	4.968	40						5.008
XIV-Verín - Viana	19.994		2.340		1.012	1.593		24.939
XV-A limia	1.884		754					2.639
XVI-Deza - Tabeirós	130							130
XVII-O Condado - A Paradanta	962				1.429		50	2.441
XVIII-Vigo - Baixo Miño								
XIX-Caldas - O Salnés	250				930		9	1.189
TOTAL	68.789	66.235	7.704	11.965	10.808	1.786	16.410	183.698


Fonte: Sistema de indicadores da administración dixital. Consellería do Medio Rural no ano 2024** (Datos 2024 a 1/12)

Táboa 9 Galicia: Porcentaxe cortas xestión pública sobre o total por especie e distrito 2023 (%)

2023 PUBLICAS / TOTAL	<i>Pinus pinaster</i>	<i>Pinus radiata</i>	<i>Pinus sylvestris</i>	Outras / Mistura Coníferas	<i>Eucalyptus spp</i>	Fronzosas caducifolias	Outras	TOTAL
I-Ferrol	13,8%	27,5%	91,0%	0,0%	0,1%	0,0%	0,0%	1,7%
II-Bergantiños - Mariñas Coruñesas	0,2%	5,5%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,3%
III-Santiago - Meseta Interior	0,1%	0,0%	0,0%	0,5%	0,1%	0,0%	0,0%	0,1%
IV-Barbanza	5,8%	14,9%	0,0%	0,0%	5,1%	0,0%	7,5%	5,2%
V-Fisterra	0,0%	3,8%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,1%
VI-A Mariña Lucense	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,1%	0,1%	0,0%
VII-Fonsagrada - Os Ancares	0,6%	13,5%	6,8%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	9,5%
VIII-Terra de Lemos	7,3%	16,1%	76,5%	50,2%	0,0%	0,0%	0,0%	23,1%
IX-Lugo - Sarria	4,7%	7,5%	74,9%	0,4%	0,1%	0,7%	0,0%	6,1%
X-Terra Cha	5,3%	11,2%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	5,0%
XI-O Ribeiro - Arenteiro	21,2%	0,0%	98,9%	90,5%	6,7%	0,0%	0,0%	19,5%
XII-Miño - Arnoia	0,1%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,1%
XIII-Valdeorras - Trives	62,9%	55,1%	45,7%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	43,4%
XIV-Verín - Viana	59,2%	0,0%	91,8%	0,0%	2,4%	0,0%	0,0%	76,1%
XV-A limia	15,5%	0,0%	67,7%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	13,3%
XVI-Deza - Tabeirós	0,8%	3,7%	56,3%	0,0%	0,1%	0,1%	0,0%	0,8%
XVII-O Condado - A Paradanta	3,7%	36,6%	0,0%	0,2%	2,2%	0,0%	0,0%	5,7%
XVIII-Vigo - Baixo Miño	0,0%	4,6%	0,0%	42,8%	0,6%	0,0%	0,1%	1,0%
XIX-Caldas - O Salnés	3,0%	8,1%	0,0%	6,9%	2,4%	0,0%	2,2%	2,6%
TOTAL	6,5%	10,2%	65,0%	27,6%	0,5%	0,2%	1,9%	5,7%

Fonte: Sistema de indicadores da administración dixital. Consellería do Medio Rural no ano 2023 e 2022

Figura 4 Evolución do prezo medio de adjudicación en aproveitamentos en montes en xestión pública



A análise dos datos relativos ao prezo medio de adjudicación por metro cúbico (€/m³) e ao volume de madeira adjudicado nos montes en xestión pola Xunta de Galicia entre 2015 e 2023 permite identificar varias tendencias interesantes e posibles relacións entre ambas as variables. O prezo medio oscilou ao longo do período, con valores máis baixos en 2017 (25,90 €/m³) e un máximo histórico en 2022 (46,69 €/m³). Durante os primeiros anos (2015-2019), o prezo mantívose relativamente estable, con variacións moderadas arredor dos 26-30 €/m³. A partir de 2020, o prezo comezou a aumentar de forma significativa, acadando un crecemento notable en 2021 (33,74 €/m³) e especialmente en 2022, cun salto importante ata os 46,69 €/m³. En 2023, o prezo experimenta unha lixeira corrección á baixa (44,72 €/m³), pero mantense nun nivel moi elevado en comparación cos anos previos a 2021. É salientable comprobar como dende 2020 malia que o volume aumenta, tamén o fai o prezo medio de adjudicación, mesmo aínda que unha parte do volume procedía de montes afectados por incendios forestais.

No que se refire a cortas realizadas en montes de **xestión privada** en Galicia durante o ano 2023, o 61% corresponde a *Eucalyptus* spp. Distritos como Ferrol (10,4%), Bergantiños - Mariñas Coruñesas (9,7%), A Mariña Lucense (9,2%) e Santiago - Meseta Interior (9,9%) concentran a maior parte destas cortas.

A provincia de A Coruña representa o 45,3% do total de cortas privadas e o 43% das cortas totais de Galicia.

A madeira de coníferas supón o 35,5% do total das cortas privadas, maioritariamente en *Pinus pinaster* (17,5%) e *Pinus radiata* (16,1%). Estas dúas coníferas destacan en distritos como Lugo - Sarria, cunha forte presenza de *Pinus radiata* (4,9% do total de cortas privadas). As coníferas como *Pinus pinaster* e *Pinus radiata* teñen unha distribución máis equilibrada que o eucalipto, con relevancia no interior e nas zonas de montaña. O papel das frondosas caducifolias, aínda limitado, mostra indicios de crecemento incipiente.

Figura 5 Distribución de especies nas cortas privadas de 2023






Figura 6 Distribución de especies nas cortas privadas de 2024*



EN: *Eucalyptus nitens*, EG: *Eucalyptus globulus*; PPR: *Pinus pinaster*; PRAD: *Pinus radiata*; PSYLV: *Pinus sylvestris*;
OE: Outros eucaliptos; OF: Outras frondosas; QR: *Quercus robur*; OC: Outras coníferas

Figura 7 Aproveitamentos en montes de xestión privada por formación específica 2023 e 2024**



Fonte: Sistema de indicadores da administración dixital. Consellería do Medio Rural no ano 2023 e 2024** (Datos 2024 a 1/12)

 Táboa 10 Galicia: Cortas privadas 2023 por especie e distrito forestal (m³)

	<i>Pinus pinaster</i>	<i>Pinus radiata</i>	<i>Pinus sylvestris</i>	Outras / Mistura Coníferas	<i>Eucalyptus spp</i>	Fronchosas caducifolias	Outras	TOTAL
I-Ferrol	49.188	25.806	7	1.249	962.358	8.350	608	1.047.565
II-Bergantiños - Mariñas Coruñesas	186.941	45.714	92	3.379	900.634	24.172	1.645	1.162.575
III-Santiago - Meseta Interior	126.192	36.843	16	1.662	917.982	22.171	1.198	1.106.063
IV-Barbanza	106.695	3.571	44	1.637	244.208	13.520	1.795	371.469
V-Fisterria	127.265	18.168	2	290	342.866	5.573	2.054	496.217
VI-A Mariña Lucense	53.164	114.945	7.847	1.013	846.332	12.019	701	1.036.023
VII-Fonsagrada - Os Ancares	16.037	266.534	61.066	2.962	84.895	7.195	3	438.692
VIII-Terra de Lemos	160.468	168.052	19.058	14.613	19.501	22.837	37	404.566
IX-Lugo - Sarria	45.026	455.122	4.545	5.115	253.954	58.680	22	822.465
X-Terra Cha	40.759	276.767	7.991	1.767	346.398	34.023	18	707.723
XI-O Ribeiro - Arenteiro	86.172	3.082	9	294	18.566	7.914	39	116.077
XII-Miño - Arnoia	64.853	9.917	483	888	5.705	14.452	358	96.655
XIII-Valdeorras - Trives	7.263	2.647	9.366	661	27	10.274	308	30.544
XIV-Verín - Viana	22.572	1.986	12.661	456	8.219	8.804	136	54.836
XV-A limia	21.389	2.208	1.717	1.468	12.628	9.452	16	48.878
XVI-Deza - Tabeirós	215.437	23.164	212	1.116	145.529	24.904	276	410.639
XVII-O Condado - A Paradanta	42.338	6.135	471	7.934	44.781	1.279	598	103.537
XVIII-Vigo - Baixo Miño	124.772	23.030	47	1.176	125.630	2.500	1.695	278.849
XIX-Caldas - O Salnés	120.178	6.813	167	747	351.213	6.701	19.317	505.136
TOTAL	1.616.708	1.490.503	125.802	48.427	5.631.422	294.819	30.824	9.238.505

Fonte: Sistema de indicadores da administración dixital. Consellería do Medio Rural no ano 2023

Táboa 11 Galicia: Cortas privadas 2024 por especie e distrito forestal (m³)**

	<i>Pinus pinaster</i>	<i>Pinus radiata</i>	<i>Pinus sylvestris</i>	Outras / Mistura Coníferas	<i>Eucalyptus spp</i>	Fronzosas caducifolias	Outras	TOTAL
I-Ferrol	57.409	49.570	14	2.660	765.299	7.964	3.981	886.897
II-Bergantiños - Mariñas Coruñesas	166.047	19.812	32	2.033	725.120	18.959	1.181	933.185
III-Santiago - Meseta Interior	135.581	54.511	55	7.855	1.005.321	20.814	867	1.225.004
IV-Barbanza	104.414	8.400	83	1.141	174.079	4.724	1.387	294.227
V-Fisterra	110.866	19.359	13	373	226.859	4.367	2.687	364.524
VI-A Mariña Lucense	50.985	138.785	11.444	2.303	696.065	5.212	529	905.324
VII-Fonsagrada - Os Ancares	35.356	329.937	48.133	4.021	58.187	5.548	2	481.184
VIII-Terra de Lemos	206.580	134.239	304	14.480	20.542	14.974	611	391.730
IX-Lugo - Sarria	48.057	384.357	138	2.409	244.257	44.565	23	723.805
X-Terra Cha	38.909	349.531	4.718	2.817	385.993	24.883	33	806.884
XI-O Ribeiro - Arenteiro	74.675	2.080	408	1.388	14.368	3.982	219	97.119
XII-Miño - Arnoia	67.388	3.767	2.368	1.080	5.362	16.238	333	96.535
XIII-Valdeorras - Trives	6.615	2.088	15.066	95	21	8.742	166	32.791
XIV-Verín - Viana	46.132	2.029	6.669	1.576	4.415	8.006	33	68.860
XV-A Limia	24.392	1.368	13.020	882	9.525	9.273	7	58.467
XVI-Deza - Tabeirós	162.053	34.381	102	868	122.331	15.782	141	335.657
XVII-O Condado - A Paradanta	62.838	921	1.303	844	41.533	1.296	323	109.057
XVIII-Vigo - Baixo Miño	120.615	17.002	---	577	141.201	1.273	1.628	282.296
XIX-Caldas - O Salnés	95.985	17.269	66	1.422	227.438	3.728	4.472	350.381
TOTAL	1.614.895	1.569.403	103.933	48.821	4.867.915	220.333	18.623	8.443.924

Fonte: Sistema de indicadores da administración dixital. Consellería do Medio Rural no ano 2024** (Datos 2024 a 1/12)

Táboa 12 Galicia: Diferencias cortas privadas 2022 e 2023 por especie e distrito forestal (%)

% cambio 2023-2022	<i>Pinus pinaster</i>	<i>Pinus radiata</i>	<i>Pinus sylvestris</i>	Outras / Mistura Coníferas	<i>Eucalyptus spp</i>	Fronzosas caducifolias	Outras	TOTAL
I-Ferrol	-13%	-50%	-99%	-78%	1%	-8%	36%	-3%
II-Bergantiños - Mariñas Coruñesas	-26%	-9%	-68%	-56%	-8%	21%	31%	-11%
III-Santiago - Meseta Interior	-30%	-51%	-84%	-88%	-19%	-12%	10%	-23%
IV-Barbanza	-27%	-85%	-43%	80%	7%	162%	47%	-8%
V-Fisterra	-23%	-19%	-56%	-45%	3%	26%	-14%	-6%
VI-A Mariña Lucense	-25%	-26%	-69%	-5%	-15%	78%	-67%	-18%
VII-Fonsagrada - Os Ancares	15%	9%	-8%	-53%	11%	-41%	-47%	5%
VIII-Terra de Lemos	-36%	-30%	-49%	38%	16%	12%	-97%	-30%
IX-Lugo - Sarria	-47%	-25%	13%	4%	-25%	-10%	18%	-26%
X-Terra Cha	-28%	-28%	125%	-76%	-16%	0%	-91%	-21%
XI-O Ribeiro - Arenteiro	-3%	16%	-99%	-7%	-63%	20%	-58%	-22%
XII-Miño - Arnoia	-33%	90%	-46%	-19%	37%	-8%	775%	-22%
XIII-Valdeorras - Trives	-27%	375%	14%	-46%	-30%	-13%	-5%	-5%
XIV-Verín - Viana	-49%	-52%	221%	-6%	109%	-10%	-60%	-18%
XV-A Limia	39%	-40%	-26%	99%	24%	6%	-88%	18%
XVI-Deza - Tabeirós	-4%	-36%	211%	-68%	30%	47%	164%	5%
XVII-O Condado - A Paradanta	-34%	135%	456%	388%	-48%	-1%	-9%	-34%
XVIII-Vigo - Baixo Miño	3%	45%	-92%	82%	-12%	-18%	-17%	-3%
XIX-Caldas - O Salnés	-13%	-58%	-72%	-45%	4%	37%	268%	1%
TOTAL	-22%	-23%	-19%	-30%	-9%	5%	63%	-14%

Fonte: Sistema de indicadores da administración dixital. Consellería do Medio Rural nos anos 2022 e 2023

A análise das gráficas anteriores permiten identificar as tendencias máis fiables nas cortas de madeira nas provincias e distritos forestais galegos, tomando 2018 como base (100).

A nivel global, Galicia malia a recuperación en 2021 (100) e 2022 (105), pero sofre un descenso significativo en 2020 e 2023, cortando neste último ano un 10% menos de madeira que en 2018. A proxección dos datos provisionais de 2024 sitúase nos mesmos valores de 2023. Este comportamento está influído principalmente polos retrocesos en provincias como A Coruña e Lugo, mentres que Ourense e Pontevedra amosan comportamentos máis estables e con algúns distritos en crecemento.

Na provincia da Coruña obsérvase unha tendencia xeral descendente ata 2023, cun -16% en volume respecto 2018. Distritos como I-Ferrol e II-Bergantiños-Mariñas Coruñesas destacan polos seus retrocesos significativos, chegando a -23% e -20%, respectivamente, en 2023. III-Santiago - Meseta Interior é un caso particular, cun crecemento notable ata +30% en 2022 e un descenso a valores similares aos do 2018.

Lugo amosa unha caída xeral nas cortas, con 2023 un -20% respecto 2018. VI-A Mariña Lucense presenta unha das maiores baixadas, con descensos de -30% indicando xunto aso valores de Ferrol unha redución do volume de madeira procedente de áreas costeiras. IX-Lugo-Sarria e X-Terra Cha tamén rexistran descensos significativos, -22% e -29%, respectivamente. En contraste, VII-Fonsagrada-Os Ancares mantén unha alta actividade, chegando a +57% en 2023 tras o pico de +76% en 2021. VIII-Terra de Lemos destaca especialmente, polo crecemento de +106% en 2022, e +45% 2023, influído polos incendios de 2021 e 2022 na zona.

Malia a súa menos contribución ao global das cortas galegas, Ourense e Pontevedra amosan certa estabilidade con crecementos sostidos en distritos como XI-O Ribeiro-Arenteiro, XII-Miño - Arnoia, XVI-Deza-Tabeirós, XVIII-Vigo-Baixo Miño ou XIX-Caldas-O Salnés.

Figura 9 Volume de corta privada segundo o tipo de solicitude 2023 (m³)




Figura 10 Volumes (m³) por motivo de declaración responsable de corta en montes de xestión privada





Figura 11 Volumes (%) por motivo de dec. responsable de corta en montes de xestión privada por distrito



Os datos sobre as solicitudes de cortas de madeira privadas diferenciadas entre as modalidades de autorización e declaración responsable amosan unha clara predominancia das declaracións responsables (5.841.015 m³ 63%) fronte ás autorizacións (3.397.490 m³ 37%).






Táboa 13 Top 20 Concellos en Cortas Totales de Madeira en 2023

<i>Aproveitamentos Totais (m³)</i>			<i>Aproveitamentos Eucalipto (m³)</i>			<i>Aproveitamentos Coníferas (m³)</i>		
	Concello	Volume		Concello	Volume		Concello	Volume
1	Fonsagrada (A)	212.129	1	Ortigueira	175.229	1	Fonsagrada (A)	180.646
2	Ortigueira	181.451	2	Pino (O)	139.405	2	Laza	129.825
3	Pino (O)	148.522	3	Oza-Cesuras	120.804	3	Quiroga	105.092
4	Oza-Cesuras	137.553	4	Foz	112.786	4	Pobra Brollón (A)	94.667
5	Laza	131.755	5	Santa Comba	106.376	5	Lugo	83.165
6	Foz	126.269	6	Curtis	88.327	6	Folgo do Courel	80.564
7	Friol	122.652	7	San Sadurniño	85.955	7	Friol	72.048
8	Lugo	119.659	8	Viveiro	81.104	8	Guitiriz	70.120
9	Santa Comba	118.956	9	Valdoviño	79.820	9	Baleira	68.511
10	Guitiriz	118.866	10	Cedeira	77.380	10	Corgo (O)	67.743
11	Pontenova (A)	108.909	11	Cerdido	71.121	11	Estrada (A)	54.562
12	Quiroga	105.280	12	Coristanco	69.608	12	Pol	49.993
13	Carballo	104.013	13	As Pontes	69.003	13	Vila de Cruces	49.579
14	Baleira	102.515	14	Ourol	68.159	14	Castro de Rei	47.946
15	Curtis	101.826	15	Vicedo (O)	67.185	15	Monforte de L.	46.227
16	Vimianzo	99.631	16	Ribadeo	66.263	16	Outeiro de Rei	44.270
17	Pobra Brollón(A)	98.366	17	Baña (A)	64.687	17	Pontenova (A)	44.085
18	Ourol	96.307	18	Somozas (As)	63.092	18	Guntín	43.798
19	As Pontes	95.969	19	Aranga	63.042	19	Castroverde	40.568
20	Estrada (A)	95.153	20	Pontenova (A)	62.926	20	Vimianzo	40.178

Táboa 14 Top 20 Concellos en Cortas Totales de Madeira en 2024**

<i>Aproveitamentos Totais (m³)</i>			<i>Aproveitamentos Eucalipto (m³)</i>			<i>Aproveitamentos Coníferas (m³)</i>		
	Concello	Volume		Concello	Volume		Concello	Volume
1	Fonsagrada (A)	229.275	1	Ortigueira	149.691	1	Fonsagrada (A)	200.217
2	Ortigueira	165.196	2	Ribadeo	123.115	2	Quiroga	128.168
3	Ribadeo	133.576	3	Tordoia	108.435	3	Baleira	87.769
4	Quiroga	128.544	4	Oza-Cesuras	99.277	4	Guitiriz	70.862
5	Pontenova (A)	124.552	5	Cerdido	92.737	5	Friol	69.992
6	Tordoia	114.739	6	Trabada	91.063	6	Lugo	69.594
7	Pontes de García	112.725	7	Cerceda	84.632	7	Pol	66.715
8	Oza-Cesuras	112.216	8	Pino (O)	82.442	8	Pontenova (A)	64.452
9	Guitiriz	110.197	9	Ordes	82.169	9	Corgo (O)	62.752
10	Friol	110.194	10	Santiago de C.	77.656	10	Vila de Cruces	54.666
11	Vilalba	109.678	11	Mesía	76.630	11	Pobra do Brollón	53.667
12	Lugo	103.175	12	Boimorto	67.983	12	Castro de Rei	53.348
13	Trabada	101.566	13	Irixoa	67.661	13	Vilalba	51.587
14	Santiago de C.	100.731	14	As Pontes	67.186	14	Monforte de	51.202
15	Cerceda	99.318	15	Baña (A)	64.307	15	Becerreá	50.513
16	Pol	98.931	16	Val do Dubra	62.877	16	Estrada (A)	46.939
17	Carballo	96.442	17	Pastoriza (A)	62.772	17	Outeiro de Rei	41.633
18	Baleira	95.273	18	Pontenova (A)	59.027	18	As Pontes	40.059
19	Cerdido	94.020	19	Carballo	58.491	19	Carballo	36.614
20	Pino (O)	91.733	20	Valdoviño	57.778	20	Oia	34.494

Figura 12 Representación do volume (m3) de corta de madeira 2023 e 2024** por concello



ANÁLISE DOS APROVEITAMENTOS SEGUNDO O GRAO DE URBANIZACIÓN DO TERRITORIO

No ano 2011, Eurostat xunto con outros organismos da UE e a OCDE elaboraron unha nova metodoloxía común da Clasificación do grao de urbanización. Esta metodoloxía aplicouse polo IGE¹ para clasificar os concellos galegos segundo o grao de urbanización. Esta metodoloxía clasifica os concellos baseándose nunha combinación de criterios de contigüidade xeográfica e de limiares mínimos de poboación, aplicados a unha cuadrícula de celas de poboación de 1 km². Este enfoque, evita as distorsións ocasionadas polo uso de unidades territoriais que varían en superficie e/ou forma. As categorías defínense a partir da densidade de poboación do xeito seguinte:

- Zonas densamente poboadas (ZDP): conxunto contiguo de concellos de densidade superior a 500 hab./Km² e unha poboación total para a zona de alo menos 50.000 habitantes.
- Zonas intermedias (ZIP): son os conxuntos que non pertencen a unha zona densamente poboadas onde cada unha delas conta cunha densidade superior a 100 hab./ Km² e, ou ben a poboación total da zona é superior a 50.000 habitantes, ou ben é adxacente a una zona poboadas densamente.
- Zonas pouco poboadas (ZPP): son os grupos de AL que non pertencen a zonas densamente poboadas ou a zonas intermedias.


